

ORDENANZA IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS*ARTÍGO 1.—NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE*

1. O imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuio feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal de calquer construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, sea obtido ou non dita licenza, ou para as que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que sua expedición da licenzas ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.
2. Está exenta do impago do imposto a realización de calquer construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ao mesmo, vaia ser destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e de suas augas residuais, aínda ca sua xestión se leve a cabo cos organismos autónomos, tanto que si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

ARTÍGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuintes, as personas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei General Tributaria, propietaria dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan os donos das obras: nos demais casos se considerarán contribuintes a quen ostente a condición de dono da obra.
2. No suposto de que a construción, instalación ou obra no sexa realizada polo suxeito pasivo contribuyente terá a condición de suxeito pasivo sustituto do contribuyente aqueles que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou aqueles que realicen as construcións, instalacións ou obras.

ARTÍGO 3.—BASE IMPOÑIBLE, CUOTA E DEVENGO

1. A base imponible do imposto está constituída polo coste real e efectivo da construción, instalación ou obra, do que non forman parte, en ningún caso, o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas con ditas construcións, instalacións ou obras.
2. A cuota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.
3. Este imposto o que grava é o coste real das obras, aplicándose un tipo impositivo do 2,25 % sobre dito coste.
4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que cando non se houbera obtido a correspondente licenza.

ARTÍGO 4.—XESTIÓN

1. Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado éstas, se inicie a construción, instalación ou obra, se practicará unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible.
 - a) En función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo houbera sido visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo.
 - b) Cando a Ordenanza fiscal así o prevea, en función dos índices ou módulos que a mesma estableza ao efecto.

Unha vez rematada a construción, instalación e obra, e tendo en conta o coste real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará no seu

caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2. As Ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 95% da cuota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros.

A regulación dos restantes aspectos sustantivos e formais da bonificación a que se refire o párrafo anterior se establecerá na Ordenanza fiscal.

3. As Ordenanzas fiscais poderán regular como deducción da cuota íntegra ou bonificada do imposto, o importe satisfeito ou que se deba a satisfacer o suxeito pasivo en concepto de taxa polo otorgamento da licenza urbanística correspondente a construción, instalación ou obra de que se trate.

A regulación dos restantes aspectos sustantivos e formais da deducción a que se refire o párrafo anterior se establecerá na Ordenanza fiscal.

4. Os Concellos poderán esixir este imposto en réximen de autoliquidación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO

Facendo uso das atribucións que concede o artigo 106 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e de conformidade cos artigos 28 e 37 do RDL 2/2004, o Concello de Pontearreas acorda a regulación de Contribucións especiais por obras e servizos municipais conforme á presente ordenanza.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible das Contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou incremento de valor dos seus bens como consecuencia da realización das obras ou do establecemento ou ampliación de servizos municipais.
2. Procederá a imposición de Contribucións especiais pola mera realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos, independentemente da utilización dunhas e outros por parte do suxeito pasivo.

ARTIGO 3

1. Aos efectos do disposto no artigo anterior, terán a consideración de obras e servizos municipais:
 - a) Os que realice o Concello no ámbito das súas competencias para cumprir os fins que lle estean atribuídos, agás daqueles que realicen como titulares dos seus bens patrimoniais.
 - b) Os que realice o Concello por terlle sido atribuídos ou delegados por outras entidades públicas e aqueles dos que teña asumido a súa titularidade de acordo coa lei.
 - c) Os que realicen outras entidades públicas ou os concesionarios das mesmas, con contribucións económicas do Concello.
2. Non perderán a consideración de obras ou servizos locais os comprendidos na letra a) do apartado anterior, aínda que sexan realizados por Organismos Autónomos ou Sociedades Mercantís nos que o capital social pertenza integramente ao Concello, por concesionarios con contribucións do Concello por asociacións de contribuíntes.
3. As cantidades recadadas por Contribucións especiais só poderán destinarse a sufraga-los gastos de obra ou servizo que lles servise de fundamento.